

## Fomento segue sen realizar as obras de Sol y Mar, ponte da Pasaxe e Alfonso Molina

Páxina 8



Concello de  Oleiros


## O orzamento municipal de 2019 supera os 30 millóns

Páxina 7

# Vivir en Oleiros

Número 62  
Xaneiro 2019  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

### Contratado o proxecto construtivo para determinar o trazado



## O carril bici continuará polo centro de Arillo

Páxina 4

## O picudo vermello ameaza as palmeiras do municipio

Páxina 9

## Avanza a creación dun paseo fluvial desde Iñas ata O Seixal

■ Un equipo técnico redactará o proxecto para poder construír unha senda que transcorrerá pola beira do río de San Pedro, nun tramo de máis de 3 km de lonxitude. Este novo paseo posibilitará que os cidadáns e cidadás poidan transitar con total seguridade, sen os riscos que supón facelo a carón da N-VI.

Páxina 4

## Festa do Entroido, o 8 de marzo no pavillón de Santa Cruz

Páxina 15

## As entidades reciben 382.877,58 euros para as súas actividades

Os centros de ensino público, as ANPA e as entidades culturais, deportivas e veciñais do municipio están a recibir as subvencións anuais municipais e provinciais correspondentes ás actividades que desenvolveron ao longo de 2018. As ANPA e os centros de ensino público acceden á metade dos fondos que outorga o Concello.

Páxinas 12 e 13

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
**Oleiros**

**AXENDA**  
Páxina 23



## Alternativa dos Veciños

A Lei de protección de datos impídenos enviarvos as papeletas ao voso domicilio. Animámosvos a que participedes nestas eleccións democráticas nas que poden votar todos os veciños e veciñas de Oleiros.

# ELECCIÓNS PRIMARIAS

## Oleiros

### Alternativa dos Veciños

a democracia é

## túa

non renucies a ela

Un día enteiro de festa e participación

## Ven a votar!

## Elección aberta de candidatos/as

**Sábado 2 de febreiro de 11:00 a 19:00h**  
**Centro Cívico de Santa Cruz**  
**(Rúa do Hotel Portocobo)**



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## Gelo róubanos o Nadal

O Concello de Oleiros quedouse un ano máis sen iluminación de Nadal. O propio alcalde considera a ausencia de calquera iluminación de Nadal ou calquera adorno que faga referencia ao Nadal absolutamente xustificada ao considerar este gasto innecesario por improdutivo. Claro que isto para o Grupo Municipal Popular contrasta cos 40.000 euros da revista en que se dá a publicidade aos parques e xardíns municipais que se está repartindo a domicilio ou coa estatua que se dedicou no seu momento ao

Che Guevara que roldou os 180.000 euros. Estes, son gastos produtivos pero só para Alternativa dos Veciños, son investimentos en publicidade, axitación e propaganda do réxime mesiánico do señor García Seoane. Datos comparativos entre concellos de todo signo político e ademais de custos consultados con empresas do sector din que o aluguer de 25-30 adornos luminosos para cruzar en avenidas ou estradas roldan os 6.000,00 euros. Un concello de similares características ao noso, como

o de Arteixo, con 13 parroquias, o custo é ao redor de 22.800 euros. En torno a 30.000 está o gasto de Culleredo. Fene unha cifra similar e Ferrol inviste 60.000 euros no seu Nadal. O gasto debe ser razoable, fóra de excentricidades como Vigo ou de malgastes como nalgún outro Concello de Galicia e de España, pero en todo caso os veciños de Oleiros que pagan os seus impostos, teñen dereito tamén a gozar do Nadal e das súas manifestacións, sen ter que soportar o gasto das publicacións e demais

elementos de propaganda dunha formación sectaria como a de Alternativa dos Veciños. O gasto en iluminación, polo tanto, na celebración do Nadal, é un investimento dos máis rendibles: fai que a xente saia á rúa, visite o comercio local e frecuente os establecementos de hostalaría. Fai convivir aos cidadáns nos espazos públicos ademais de gozar a nenos e maiores. É precisamente parte da maxia do Nadal, que alcanza a todo o mundo e que Gelo nos roubou un ano máis.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Os socialistas de Oleiros queremos aproveitar estas liñas para desexar aos veciños e ás veciñas unha feliz e proveitosa entrada no novo ano 2019, que esperamos que sexa para todos vós moito mellor que o que deixamos atrás. O ano

2019 preséntase emocionante por moitas razóns, entre elas as eleccións do próximo mes de maio, nas que elixiredes os vosos representantes nas respectivas cámaras, pero tamén polos moitos retos que temos por diante, o de facer

una sociedade máis xusta, máis igualitaria e equilibrada e máis acolledora cos máis desfavorecidos, unha sociedade na que as administracións velen efectivamente polos intereses da cidadanía e non polos seus propios. Unha sociedade

onde as mulleres non teñan medo polo simple feito de selo, e unha sociedade máis próspera en termos económicos e de emprego para todos. Queda moito por facer, e temos que facelo xuntos... Comecemos a facelo posible neste novo ano!



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## A mobilidade: dereito, necesidade e desafío

Hai poucas dúbidas á hora de situar a mobilidade como unha das principais preocupacións da veciñanza do noso concello. Un problema cotián derivado da necesidade diaria de trasladarse para traballar, para comprar, para estudar, para pasar o tempo de lecer...a unha distancia que obriga a coller o bus, o coche, a bici. Un problema que rexorde con forza cada vez que algún problema de

tráfico nos condena a unha mañá de caravanas interminábeis. Á hora de buscar solucións no BNG pensamos que non é posíbel facelo só pensando nos desprazamentos en coche: limitar todo a aumentar carrís ou construír novas estradas pode equivaler só a duplicar o tráfico que xa soportamos, co correspondente ruído e contaminación; ou tamén a gastar o diñeiro

público en estradas que non levan a ningures, como pasou coa Vía Ártabra sen as conexións prometidas cando se planificou. Pensar na mobilidade debe pasar por situar no centro o uso do transporte colectivo, mellorando as conexións, frecuencias, horarios e, por tanto, a súa utilidade. Conectar de novo os buses metropolitanos co centro da Coruña, como xa pasaba hai 40 anos, demos-

tra o que tamén se podería facer con hospitais, polígonos ou campus. Crear unha liña de bus ás praias nos meses de verán pode estar ben, pero hai que ir moito máis alá: urxe que haxa servizo máis alá das dez da noite, que volva o Noitebus nas fins de semana ou que as empresas garantan o reforzo do servizo nas horas punta, para que a xente non teña que ir de pé durante 3 ou 4 km.

**EDITORIAL****• Transformando a área metropolitana**

◆ A comarca coruñesa configura unha área metropolitana da que forman parte, entre outros, os concellos de Arteixo, A Coruña, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada e Bergondo.

Nun futuro inmediato, con eleccións municipais en maio deste ano 2019, hai concellos que precisan cambios políticos e institucionais que permitan tender pontes para demandar de xeito conxunto os servizos e infraestruturas dos que carece a comarca e a súa área de influencia, pero que a cidadanía precisa.

Tamén son necesarias solucións prácticas en materia de desenvolvemento sostible, emprego local e artellamento territorial para consolidar unha área metropolitana con dinamismo demográfico e con capacidade de liderar o pulo económico de Galicia.

No Concello de Oleiros lévanse anos aplicando unhas políticas moi claras que son un exemplo a exportar nos demais municipios da área coruñesa. Aínda que inicialmente moitas das medidas foron duramente criticadas e non contaron coa comprensión dunha parte da poboación, co paso dos anos, os resultados da xestión amosáronse moi eficaces, acadándose un desenvolvemento ordenado e sostible que está a permitir que todo o municipio goce dunha gran calidade de vida.

Noutros concellos da área, os grandes partidos de ámbito estatal, autonómico e as escisións destes

están a levar a cabo políticas erráticas, caciquís e clientelares que prexudican gravemente os intereses xerais da cidadanía.

Unha boa xestión precisa óptimos xestores, eficaces e con capacidade de negociación, polo que é importante desterrar dos concellos a aqueles cargos públicos que utilizan os seus votos e escanos para bloquear e impedir gobernar cando non sacan tallada persoal ou partidista.

Nas próximas eleccións municipais o modelo de Oleiros será a guía para lograr que outros lugares da comarca muden as súas políticas e funcionen desde o pobo e para o pobo, pensando localmente e actuando de raíz nos problemas que afectan ao progreso e benestar das veciñas e veciños.

Así, veremos como se vai ir facendo realidade un transporte público metropolitano eficiente, un plan urbanístico ordenado, uns servizos públicos de calidade, unhas infraestruturas viarias acordes á realidade da nosa comarca e unhas políticas de emprego efectivas. A comarca máis importante de Galicia merece ter unha política acorde á súa relevancia.

Desde Oleiros xa estamos a traballar arreo desde hai moitos anos para logralo. Este 2019 veremos como a comarca evolucionará, a partir de maio, cara a unha alternativa seria, eficaz e que garanta benestar e futuro para toda a cidadanía.

# Orgullosos de vivir en OLEIROS



## Contratado o proxecto técnico para a construción dun paseo fluvial entre Iñás e O Seixal ▼



◆ O Concello de Oleiros contratou un equipo técnico para redactar o proxecto medioambiental e de obra dun paseo á beira do río que vai desde Iñás ata O Seixal por 99.946 euros. A senda peonil, que terá máis de 3 km, permitirá nun futuro pasear con seguridade, sen os riscos de facelo pola N-VI. O proxecto consistirá en determinar os terreos que están afectados polo Plan Especial 2-R para a súa compra ou expropiación, así como deseñar o trazado, as súas características e os diferentes espazos que se crearán ao longo de todo o río. Unha grande parte dos terreos para a realización deste paseo xa son de propiedade municipal na actualidade, 56.000 metros en Iñás e 36.000 en Nós. Faltan pequenos tramos de propiedade privada polos que se establecerán negociacións cos seus propietarios.

## O Concello negocia a adquisición das vivendas que se atopan sobre a praia de Bastiagueiro pequeno

◆ Dentro do ámbito do parque de 70.000 metros cadrados que está a piques de comezar entre As Galeras e Bastiagueiro, existen 3 casas construídas na década dos 70 que se atopan no límite da praia de Bastiagueiro pequeno. As vivendas ocupan o linde da ribeira e o mar e están fóra de ordenación urbanística.

O Concello de Oleiros contactou cos propietarios destas 3 casas –nunha delas non vive ninguén e está en venda– para chegar a un acordo para a súa compra-venta. De non ser posible, sería preciso abrir un expediente de expropiación.



## Contratáronse as obras para continuar o carril bici polo centro de Arillo ►

◆ O Concello de Oleiros agradece a Jose Luis Docampo a súa colaboración para a cesión do terreo necesario para continuar as beirarrúas e carril bici na zona interior do pazo situado no centro de Arillo. Grazas ao acordo acadado, o Concello investirá 157.205 euros nas obras de creación dun novo tramo de paseo, que nesta zona terá un ancho de 5 metros. O proxecto contempla a construción dun novo muro interior para delimitar a propiedade e a demolición da edificación que se atopa na esquina do pazo. As árbores existentes serán conservadas na súa totalidade.



# As obras que se incluírán no plan POS+ da Deputación ascenden a 825.778,53 euros ▼



■ Urbanización O Bosque

■ O pleno do Concello de Oleiros aprobou as obras que se realizarán con cargo ao plan provincial POS+ 2019. Son 4 os proxectos que se levarán a cabo durante este ano.

◆ A renovación da rede de abastecemento de auga en Oleiros, desde As Pedreiras ata o centro da localidade ten un custo de 394.361,18 euros. Na urbanización O Bosque procederase a renovar beirarrúas e canalizacións de pluviais por 226.503,12 euros. En Mera realizaranse dúas pavimentacións, na rúa Seixo Branco investiranse 132.686,93 euros e no camiño de Agurniño 72.227,30 euros.

## O centro de traballo compartido do Pazo de Arenaza comezará a funcionar en primavera



◆ A Deputación da Coruña ten previsto que o Pazo de Arenaza comece a prestar servizo como centro de traballo compartido nas vindeiras semanas. Serán 50 as persoas que poderán desenvolver neste espazo as súas tarefas laborais e de emprendemento de novas actividades empresariais.

Este edificio histórico de propiedade municipal foi cedido á Deputación provincial, que realizou un investimento de 253.837,90 euros para adaptar o recinto aos seus novos usos. Para incrementar a capacidade do centro, nun prazo breve de tempo, acometeranse obras de rehabilitación da antiga corte, na que actualmente aínda se atopan as habitacións do Centro de Día que puxo en funcionamento o Concello anos atrás.

## Finaliza a obra do sifón da ponte da Pasaxe ▼



◆ O Concello de Oleiros recibiu definitivamente a obra do sifón da ponte da Pasaxe, que tivo un custo de 2 millóns de euros. Os traballos consistiron na instalación dunha nova tubaxe de 1,4 quilómetros desde a rotonda do Che ata a ponte da Pasaxe, onde conecta cun colector, para poder enviar por gravidade os residuos. Isto implica un importante aforro enerxético, valorado en máis de 6.000 euros mensuais. Ademais, xunto co tanque de tormentas de Santa Cruz, esta actuación supón unha importante mellora para a rede de saneamento do Concello de Oleiros.

# O Concello adxudica 13 obras nas últimas semanas ▼

■ O importe total destas contratacións é de 1.192.312,26 euros

◆ Nos dous últimos meses do pasado ano o Concello conseguiu rematar diversas obras que foron contratadas atendendo á nova lexislación imposta polo antigo Goberno central do Partido Popular. As esixencias telemáticas da actual lei de contratación das administracións públicas teñen paralizados a numerosos municipios de toda España. Non é o caso de Oleiros, que malia sufrir un retraso nas adxudicacións polo proceso de adaptación ás novas normas, está a contratar as obras previstas no orzamento municipal.

Ningunha das obras licitadas nas últimas semanas do ano comezará antes do mes de febreiro. Para a súa realización é preciso tamén a contratación dun control de calidade e asistencia técnica, que permite a realización dun seguimento exhaustivo do avance das obras públicas municipais e garante a súa correcta execución.

## 1.535.912,50 EUROS

### OBRAS E SERVIZOS A REALIZAR EN 2019 ▼

■ Renovación do bombeo das Pedras (Oleiros)	<b>82.222,69 euros</b>
■ Mellora da iluminación do Balcón de Maianca (Mera)	<b>27.567,95 euros</b>
■ Cuberta da pista polideportiva da Casa do pobo de Dorneda (Dorneda)	<b>154.884,57 euros</b>
■ Tratamento da madeira do paseo marítimo de Mera, parque das Galeras, pasarela do Castelo de Santa Cruz e parque do Graxal	<b>92.982,63 euros</b>
■ Pavimentación da rúa Pexegueiro (Montrove)	<b>45.902,98 euros</b>
■ Pavimentación, beirarrúas e rede de abastecemento de auga na rúa Miraflores (Oleiros)	<b>53.300,00 euros</b>
■ Pavimentación dun tramo da rúa Avelino Cachafeiro (Nós)	<b>32.609,50 euros</b>
■ Renovación do colector de saneamento na rúa Barcala (Nós)	<b>159.843,48 euros</b>
■ Reparación do acceso á praia de Portelo (Mera)	<b>35.641,43 euros</b>
■ Mobiliario urbano (Santa Cruz)	<b>15.364,97 euros</b>
■ Redacción do proxecto de remodelación do pavillón da Rabadeira (Oleiros)	<b>12.723,16 euros</b>
■ Reparación da cuberta do pavillón Valle-Inclán (Perillo)	<b>6.574,24 euros</b>
■ Parque Costeiro Metropolitano (Bastiagueiro)	<b>479.268,90 euros</b>





■ Ademais da construción dunha cuberta para a pista polideportiva da Casa do pobo de Dorneda, abordaranse outras actuacións menores de mellora das instalacións



■ Nas vindeiras semanas abordaranse as actuacións encamiñadas a aumentar a vida útil do mobiliario de madeira existente no paseo marítimo Manuel Rial de Mera, no parque das Galeras, na pasarela de acceso ao castelo de Santa Cruz e no parque da urbanización O Graxal.

# O orzamento municipal para o ano 2019 garante a calidade dos servizos e dos equipamentos públicos

■ O orzamento ascende a 30.114.721,00 euros, un 7,55% máis que o do ano pasado



## OBRAS E SERVIZOS A REALIZAR EN 2019

<ul style="list-style-type: none"> <li>Expropiacións do parque de Bastiagueiro Pequeno</li> <li>Expropiacións do paseo fluvial río San Pedro</li> </ul>	<b>685.493 euros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Obras no Club de Surf</li> <li>Melloras na polideportiva A Rabadeira</li> <li>Campo de fútbol de Mera (1ª fase)</li> <li>Pista de patinaxe de Bastiagueiro</li> </ul>	<b>500.000 euros</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>SUD-22 O Río, Oleiros</li> <li>PERI 13R Vilanova</li> <li>Desenvolvemento POL-4 Mera</li> </ul>	<b>350.500 euros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Asfaltado de rúas: Seixo Branco, Vencello, Orvaliña, A Barreira, Anido, O Cubo, Agra, Os Regos, Trisqueira, Sentimento, Manuel Murguía, As Cobas, Río do Campo, O Repicho, Valle-Inclán, Lodeira, Aba e As Galeras.</li> </ul>	<b>800.000 euros</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Plantación de árbores en parques e paseos</li> <li>Mobiliario no parque de Agramar e no parque da Lagoa</li> </ul>	<b>100.000 euros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Rede de saneamento na rúa da Chave</li> <li>Mellora nas redes de auga de rúa Viravolta, As Pedreiras e A Pezoca</li> </ul>	<b>280.000 euros</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Mantemento e melloras nos parques infantís de Montrove-Icaria, Os Regos, Liberdade e Canide</li> </ul>	<b>250.000 euros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mellora na iluminación dos pavillóns, na urbanización Lamastelle e no Parque da Liberdade</li> </ul>	<b>100.000 euros</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Melloras en beirarrúas: urbanización O Bosque, O Regacho-igreja de Maianca, Espoz y Mina, rúa da Vila, O Seixal, San Bartolomé de las Casas, Doutor Fleming, Ricardo Cubeiro, Arillo e urbanización Cavamontes.</li> </ul>	<b>500.000 euros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pintado nos pasos de peóns</li> <li>Novo paso de peóns en Lorbé</li> <li>Accesibilidade nas beirarrúas</li> <li>Seguridade viaria no entorno dos centro escolares</li> <li>Marquesiñas</li> </ul>	<b>250.000 euros</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Renovación de casetas de socorrismo</li> <li>Ampliación da Biblioteca Rialeada</li> <li>Melloras no local social de Arillo</li> <li>Entorno do Castelo de Santa Cruz</li> <li>Reparación do paseo da Ría</li> <li>Lavadoiros de Canide e Fonte de Álvaro</li> <li>Mobiliario urbano</li> <li>Museo no Castelo de Santa Cruz</li> </ul>	<b>500.000 euros</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Puntos de luz en vías públicas</li> <li>Renovación e melloras en redes de abastecemento de auga</li> <li>Renovación de contedores e acometidas</li> </ul>	<b>70.000 euros</b> <b>160.000 euros</b>

# Os accesos á cidade da Coruña, unha rateira diaria

■ O Ministerio de Fomento segue sen realizar as obras de Sol y Mar, Ponte da Pasaxe e Alfonso Molina



Milleiros de cidadáns teñen que sufrir constantemente o deixamento, o abandono e a incompetencia do Ministerio de Fomento. Calquera mínimo contratempo que poida sufrir un vehículo nos accesos viarios á cidade da Coruña provoca retencións quilométricas que supoñen importantes perdas de tempo, en moitos casos superiores á hora de duración, que causan numerosos problemas tanto ás persoas como ás empresas privadas.

◆ A N-VI, ao seu paso por Oleiros, é a estrada de máis tráfico de toda Galicia. Son máis de 90.000 os vehículos que circulan a diario por esta vía. O Goberno central aprobou no ano 1998 un plan para mellorar esta estrada e rematar cos problemas existentes para a mobilidade. Máis de 20 anos despois, a maior parte dese plan continúa sen executarse. Nin os gobernos do PP, nin os do PSOE, nin tampouco os deputados coruñeses en Madrid, actuaron ante esta grave situación.

► Denuncia os atascos ante Fomento: [dg.carreteras@fomento.es](mailto:dg.carreteras@fomento.es)

## AS OBRAS PENDENTES DO GOBERNO CENTRAL ▼

◆ Dos 12,3 millóns de euros que recollían os orzamentos do Estado para a realización de obras na comarca da Coruña durante 2018, o investimento por parte do Goberno central -tanto no mandato do PP como no do PSOE- foi de 0 euros. O pagamento da débeda de 300 millóns do porto de Valencia non previsto no orzamento, o rescate das autoestradas do Mediterráneo desde Cataluña a Valencia, ou os 113 millóns de euros que o Goberno central investirá na mellora das estradas de Cataluña, absorveron os fondos para a comarca da Coruña. Cos 12,3 millóns perdidos ao non executarse, todas as obras pendentes de realizar na comarca dependerán agora duns novos orzamentos, cuxa aprobación parece bastante improbable.

### SOL Y MAR ▼

O proxecto para a realización dun túnel e unha rotonda en superficie na intersección coñecida como Sol y Mar existe desde o ano 2006. Ante a presión realizada polo Concello de Oleiros, apareceron 4 millóns nos orzamentos do Estado de 2018 para iniciar a obra. Eses cartos, así como os 7 millóns previstos para o este ano, están perdidos xa que nin o Goberno do PP nin o do PSOE contrataron esta obra a tempo.



### ALFONSO MOLINA ▼

Para iniciar a ampliación do acceso principal á cidade da Coruña o orzamento do Estado para o 2018 contemplaba unha partida de 3 millóns de euros. Igual que no caso de Sol y Mar, o ano pasou sen realizar a contratación, e os cartos perdéronse.



### PONTE DA PASAXE ▼

O Goberno do PP, a través da ministra Ana Pastor, anunciou o inicio desta obra no ano 2015. Desde ese anuncio ata a caída do Goberno pasaron máis de tres anos, nos que nada se fixo. O orzamentos do Estado para 2018 incluían unha ínfima partida para o proxecto de 295.000 euros. Para continuar demorando esta actuación no tempo, o actual Goberno socialista solicitou informes sobre a ampliación da ponte a 50 entidades sen ningún tipo de xustificación.




### DOBRE CARRIL NO CARBALLO ▼

No Carballo está prevista a realización dunha ampliación da calzada para crear dobre carril de circulación en ambos lados. As expropiacións están realizadas, pero nada se sabe do inicio desta posible obra que desconxestionaría substancialmente o tráfico.



### CONEXIÓN COA AP-9 DESDE O SEIXAL

A realización dun enlace que conectará a N-VI coa AP-9 á altura do Seixal, evitando circular pola Costa da Tapia, conta con todos os correspondentes informes técnicos favorables para o seu inicio. Porén, o Estado segue sen dotar dunha partida orzamentaria a esta obra que transcorrería entre o Río da Veiga e A Barcala.





# O libro Oleiros en verde pode recollerse coa tarxeta na Fábrica ou na Casa do Concello



◆ O Concello de Oleiros editou unha publicación para informar e dar a coñecer o importante patrimonio de parques e zonas verdes públicas que dispoñen todos os veciños e veciñas. En total, imprimíronse 15.000 exemplares de 140 páxinas a toda cor que tiveron un custo unitario de 1,35 euros.

O libro entregouse en man en todos os domicilios durante as pasadas semanas. As persoas que non se atopaban no domicilio no momento da entrega recibiron unha tarxeta na súa vivenda coa que poden dirixirse á Casa do Concello ou á Fábrica para recoller a publicación.

## A Xunta segue sen responder ás peticións de batidas contra os xabarís ▼



◆ O Concello segue a reiterar ante a Xunta que se realicen batidas para reducir a superpoboación de xabarís que existe no Concello. Ante os clamorosos feitos que evidencian a multitudinaria presenza de xabarís nas zonas urbanas do municipio, o Concello de Oleiros solicitou ante a administración competente na materia, a Consellería de Medio Ambiente, a adopción de medidas disuasorias para minimizar a presenza destes animais nos núcleos de poboación.

O Concello realizou a correspondente solicitude e achegou a documentación precisa, comprometéndose a poñer os medios necesarios e a responsabilizarse da xestión do proceso. A Consellería de Medio Ambiente non respondeu a esta solicitude, sen a cal o Concello non pode actuar por non dispoñer das competencias neste ámbito.

## Os propietarios de palmeiras infectadas con picudo están obrigados á súa eliminación ▼



◆ Aquelas persoas que teñan nas súas propiedades algunha palmeira infectada co picudo vermello están obrigadas a eliminarlas a través dunha empresa especializada, tal e como estipula a Consellería de Medio Ambiente. Para evitar a desaparición da totalidade das palmeiras do municipio, tal e como aconteceu en moitas localidades da provincia de Pontevedra, é imprescindible unha actuación inmediata ante esta praga.

O picudo vermello é un voraz insecto de orixe asiática que se instala nas palmeiras para reproducirse. Unha vez dentro das árbores devora as follas e a súa parte central ata provocar a súa morte.

**Arrinca os plumachos das túas fincas! SON UNHA PESTE**

# Aprobada a Relación de Postos de Traballo municipais

■ *O Goberno municipal incrementa os soldos do persoal municipal, especialmente os máis baixos. A RPT supón 852.000 euros*

◆ O pleno do Concello de Oleiros aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo municipais, que previamente acordaron de maneira unánime o Goberno municipal e todas as organizacións sindicais, así como o comité de empresa e a xunta de persoal. A intención do Goberno municipal de realizar unha nova Relación de Postos de Traballo veu motivada pola necesidade do Concello de confeccionar unha actualizada -a existente databa do ano 2003-, de contar cun novo organigrama administrativo axustado aos cambios legislativos e que dotase ao concello dunha serie de instrumentos de planificación de recursos humanos actualizados que permitan crear unha estrutura ordenada, xerarquizada, áxil e eficaz acorde ás necesidades actuais de prestación de servizos que demandan os veciños e veciñas.



## O Concello tarda unha media de 20 días en pagar as súas facturas



■ *O período medio de pagamento do Concello de Oleiros no segundo trimestre do 2018 foi de 20,49 días, cumprindo co prazo de 30 días fixado por lei. O Concello respecta os prazos establecidos polo Ministerio de Facenda para realizar os correspondentes trámites de verificación, conformidade e pagamento das facturas.*

◆ A existencia de saldo na conta 413 nunha data concreta, que recolle as facturas pendentes de pagamento nese instante, non implica ningunha irregularidade nin ilegalidade. En todos os casos esas facturas dispoñen do crédito axeitado e suficiente para realizar o seu pagamento, xa que previamente son obxecto de inspección por parte da intervención municipal. Calquera Concello con actividade, no que se respec-

ten as leis, debería ter saldo na conta 413 xa que o pago das facturas require dun proceso de comprobación e verificación dos gastos que non é inmediato e que ten unha importancia grande para detectar posibles irregularidades, como ten acontecido no Concello de Oleiros coas compañías eléctricas que teñen imputado recibos que multiplicaban por dous o gasto real rexistrado nos contadores.

O Concello de Oleiros goza dunha economía totalmente saneada, con máis de 11 millóns de euros no banco que o Ministerio de Facenda impide investir en obras e servizos para que os concellos contribúan a paliar o déficit do Estado. A eficacia e o rigor na xestión económica municipal é o que permite gozar desta favorable situación.

## O 1 de marzo abre o prazo de pagamento dos impostos de rodaxe, vados, nichos, terrazas e caixeiros ▼

◆ Desde o día 1 de marzo e ata o 30 de abril terá lugar o período voluntario de pago do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, da taxa por entrada de vehículos e reserva de espazo, da taxa de cemiterios municipais, da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e finalidade lucrativa e da taxa polo aproveitamento de dominio público con caixeiros de entidades financeiras e máquinas expendedoras instaladas nas fachadas e manipulables desde a vía pública. Os cargos dos recibos que se atopen domiciliados nas entidades bancarias realizaranse o 1 de abril.

Tamén é posible realizar o pagamento no edificio de Facenda Municipal, na avenida Francisca Herrera 3, de 8:30 a 13:30 horas; en calquera dos bancos colaboradores e na páxina web do Concello de Oleiros, na Sede electrónica. As dúbidas poden ser consultadas a través do correo electrónico [recadacion@oleiros.org](mailto:recadacion@oleiros.org) ou no teléfono de atención ao veciño 981 610 000.

# Os médicos de Solidariedade Galega atenden a 1.286 persoas en Chiapas ▼



◆ Os 12 médicos da ONG Solidariedade Galega que dedicaron as súas vacacións a atender de xeito gratuito ás persoas máis desfavorecidas da zona rural de Altamirano, no Hospital San Carlos de Chiapas, realizaron 829 consultas, practicaron 81 intervencións cirúrxicas, procederon a 153 actuacións odontolóxicas e a 223 oftalmolóxicas. Durante a súa estancia en Chiapas, desde o 17 de novembro ata o 2 de decembro, tamén realizaron tarefas formativas entre o persoal do centro médico no que traballaron.

Debido ao illamento no que se atopa a localidade que alberga este hospital, resulta moi complicado atopar médicos que poidan traballar no centro. É por iso que misións como a do equipo de médicos voluntarios de Solidariedade Galega ten unha elevada importancia. O Concello de Oleiros financiou este proxecto de cooperación internacional con 12.000 euros.

A expedición estivo formada por Isabel Vázquez Cajide, Paula Portela Pereira, Fátima Martínez Quintás, María de las Mercedes Santos Castroviejo, Enrique Rodríguez Álvarez, Ana Sarmiento Penide, María Josefa Pombo García, María Herminia Pintado Conde, Marta Chamosa Prado, Purificación Taibo Casás, Alberto Bouzas Mosquera e Antón González Artiaga.



## O Concello colabora na reconstrución de vivendas en Haití ◀

◆ Haití é o país máis pobre de América. O 4 de outubro de 2016 o furacán Matthew arrasou o suroeste do país destruíndo dous terzos das casas existentes. Por iso, o Concello de Oleiros financiou con 6.601 euros a reconstrución de vivendas. Eses cartos foron entregados ao bispo xesuíta Joseph Gontrand Décoste da diocese de Jérémie que levou a cabo un proxecto dirixido ás familias que perderon os seus fogares e se atopaban nunhas condicións de vida horribles.

## CONTRA O RACISMO

## POLA DIVERSIDADE ▶



# O Concello concede 268.363 euros en subvencións a 63 entidades do municipio

■ A finais do mes de decembro resolveuse a concesión das subvencións solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio sen ánimo de lucro, atendendo ás normas de concorrencia competitiva determinadas nas bases da convocatoria. As ANPA e os centros de ensino público reciben o 47,86% das axudas. ▼

Ademais destas axudas económicas, desde o Concello ponse á disposición das entidades infraestruturas, equipamentos e recursos humanos de maneira gratuita.

## Centros de ensino público: 65.712 euros

ENTIDADE	Subvención
■ CEIP Rabadeira:	7.954
■ CEIP Valle Inclán:	9.158
■ IES María Casares:	12.264
■ IES Miraflores:	9.100
■ IES Xosé Neira Vilas:	7.168
■ CEIP Isidro Parga Pondal:	7.660
■ CEIP Juana de Vega:	5.686
■ CEIP Luís Seoane:	6.722

## Entidades culturais e comisións de festas: 26.855 euros

ENTIDADE	Subvención
■ Agrupación Artística Cultural Semente Nova:	1.500,00
■ Agrupación Cultural A Marola:	2.220,18
■ AC Coral Lembranzas de Santa Cruz:	1.745,42
■ Asociación de Amas de Casa:	1.243,82
■ Asociación Mulleres Rurais A Cabana:	1.303,98
■ Centro Cultural e Instructivo:	1.217,91
■ Coral Polifónica de Mera:	1.604,75
■ SCR Amigos de Lorbé:	2.952,22
■ ACDRVP Rosario de Dorneda:	3.421,43
■ Os Decanos Hogar Municipal 3ª Edad:	1.194,77
■ Coral Airiños de Nós:	1.363,21
■ A.C. O Amanexo:	1.756,53
■ A.C. Pensionistas de Mera:	527,51
■ Coro de Oleiros:	1.803,72
■ AC Cofradía de Santa Ana de Mera:	3.000,00

## Anpa: 62.736,47 euros

ENTIDADE	Subvención
■ ANPA Bidueiro:	2.206,75
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luís Seoane):	26.102,53
■ ANPA Colexio Público Valle Inclán:	29.692,84
■ ANPA Arce do IES Xoés Neira Vilas:	1.337,60
■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores:	2.306,65
■ ANPA CEIP Nós:	1.090,10

## Asociacións de veciños: 21.899,45 euros

ENTIDADE	Subvención
■ AVV A Ría:	4.281,19
■ AVV Os Rueiros:	5.095,59
■ AVV San Antón:	3.325,18
■ AVV Santaia:	5.526,86
■ AVV Rialta-Xoecer:	500,00
■ AVV San Cosme:	3.170,63



As subvencións están relacionadas coas actividades organizadas polas entidades e o número de persoas que participan.

## Clubs de fútbol: 43.590 euros

ENTIDADE	Subvención
■ Club Atlético San Pedro:	7.570
■ Club de Fútbol Santa Cruz:	5.320
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros:	6.220
■ Hércules SDC:	1.600
■ Marino de Mera CF:	*4.980
■ Unión Campestre FC:	8.390
■ Club Atlético Perillo:	2.160
■ AD Cristo Rey:	4.720
■ Club Xuventude de Dorneda:	1.990
■ Mercurio de Iñás SD:	640

(\*): + 2.500 de auga e luz

Os equipos de fútbol repártense outros 10.000 euros pola súa participación no Trofeo de fútbol municipal.



## A Deputación entrega 114.514,58 euros a colectivos de Oleiros

◆ A Deputación da Coruña concedeu durante 2018 un total de 114.514,58 euros en subvencións a diversas entidades deportivas, culturais, sociais e profesionais que se presentaron ás diferentes convocatorias existentes. Nos vindeiros días publicaranse as cantidades correspondentes a outros dous programas deportivos, aos que concorreron diferentes clubs de Oleiros, así como as resolucións ás alegacións formuladas polas entidades sobre as concesións provisionais.

ENTIDADE	Subvención	ENTIDADE	Subvención
■ Aspadisol:	13.385,44	■ Club Deportivo Obrero:	5.500
■ Club de Leóns de Oleiros:	1.162	■ Club Hóckey Oleiros:	3.952,55
■ Coro de Oleiros:	9.824	■ Mera Fútbol Sala:	1.900
■ A. VV. Santaia:	3.492,94	■ Club Patinaxe Oleiros:	2.538,55
■ Coral Polifónica de Mera:	7.758,58	■ Club Running Oleiros:	1.038,55
■ Agrupación Cultural A Marola:	7.700	■ Unión Campestre de Montrove:	1.398,53
■ Asociación Cultural Lembranzas de Santa Cruz:	2.702	■ Xuventude de Dorneda:	1.000
■ Axóuxere Teatro:	406	■ Marino de Mera:	2.546,05
■ O Amanexo:	784	■ Hércules de San Pedro:	1.788,55
■ Confraría de Pescadores de Lorbé:	3.600	■ Centro Deportivo Mariñeiro:	8.000
■ Asociación Deportiva Cristo Rey:	1.233,55	■ Club Regatas Perillo:	6.000
■ Club Acuatic:	4.138,55	■ Club de Tennis A Coruña:	10.000
■ Club Atlético San Pedro:	3.584,55	■ A.VV. Os Rueiros:	1.729,64

## Entidades deportivas: 47.570,08 euros

ENTIDADE	Subvención
■ SCD Rabadeira:	2.832,60
■ Club Breogán:	2.039,44
■ Club Mera FS:	1.841,60
■ Club Patinaxe Oleiros:	3.012,21
■ Escola Artística UDC-Club Cabi:	2.652,09
■ Club de Regatas Perillo:	6.000,00
■ Centro Deportivo Mariñeiro de Mera:	5.984,30
■ Escola Ximnasia Acordes:	3.035,91
■ Club de Tennis La Coruña:	1.710,32
■ Judo Club Oleiros:	2.815,28
■ Club Acuatic Oleiros:	3.135,28
■ Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude:	2.290,15
■ Escuela de Artes Marciales Bushido:	190,54
■ Club Hóckey Oleiros:	2.742,35
■ Agrupación Deportiva Triatlón Oleiros:	2.061,32
■ Club Voleibol Oleiros:	2.596,48
■ Club Balonmano Atlántico:	1.356,59
■ Club Running Oleiros:	1.273,62



## O Goberno municipal inviste 2,5 millóns no Servizo de Axuda no Fogar dos dous próximos anos ▼

■ *Máis de 200 fogares do municipio reciben a diario este servizo, imprescindible para moitas familias*

◆ A Xunta de Goberno Local do Concello de Oleiros adxudicou por un importe anual de 1.283.820,00 euros e un período inicial de dous anos o contrato do Servizo de Axuda no Fogar e Comida sobre Rodas. Respecto ao anterior contrato hai un incremento dun 12% no número de horas do Servizo de Axuda no Fogar tanto a través do sistema de atención á dependencia como, sobre todo, na de libre concorrencia. Tamén está previsto un incremento dun 25% no Servizo de Comida sobre Rodas.

Respecto aos servizos complementarios cos que se contempla mellorar a atención diaria están 150 servizos anuais de fisioterapia no domicilio, 150 servizos anuais de podoloxía no domicilio, 100 servizos anuais de peiteado no domicilio, 100 servizos anuais de manicura no domicilio, 75 servizos anuais de lavandería e 75 servizos anuais de taxi para acompañamento (ida e volta) a xestións fóra do termo municipal coas persoas usuarias.

Tamén contarase cun importante banco de axudas técnicas que contribuirán a mellorar



o día a día tanto das persoas usuarias e das súas familias, como do traballo das auxiliares que prestan este servizo. A entidade adxudicataria tamén estará obrigada a realizar ac-

tividades formativas dirixidas ao persoal de axuda no fogar, tanto auxiliares como persoal técnico, co fin de seguir na mellora continua das súas capacidades e habilidades.

## O Concello oferta 4 cursos de formación para persoas en situación de desemprego



■ *A Xunta de Galicia concedeulle ao Concello de Oleiros unha subvención de 202.282,80 euros para a realización de cursos de formación para persoas en situación de desemprego. En total ofertaranse 4 programas formativos que comezarán este mes.*

◆ Os cursos que se van impartir son os seguintes: cociña, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio e actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería

As clases vanse impartir nos Centros Municipais de Formación Isaac Díaz Pardo e A Carballeira. Para poder participar nos cursos é necesario estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. As persoas interesadas deben contactar co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo: rúa dos Regos 24, 981 610 319 e [cmf@oleiros.org](mailto:cmf@oleiros.org).

## Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros



Recibirás diariamente, de xeito automático e gratuíto, toda a información municipal no teu correo electrónico.

Desde a páxina principal da web municipal, [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), poderás acceder ao formulario de subscrición para darte de alta neste servizo.

# O venres 8 de marzo celebrarase a Festa do Entroido no pavillón de Santa Cruz ▼

■ *Repartiranse preto de 4.000 euros en premios no concurso de disfraces*



◆ O pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz acollerá o venres 8 de marzo, a partir das 19:00 horas, a tradicional festa do Entroido que organiza todos os anos o Concello. Non faltará a tradicional chocolatada, o concurso de disfraces, a espectacular actuación sorpresa a cargo da “Compañía Municipal de Teatro” e a música da orquestra Os Satélites, garantía de baile e diversión.

Todas aquelas persoas que queiran participar no concurso de disfraces poderán apuntarse a partir do 25 de febreiro no departamento de Servizos Sociais, chamando ao 981610000 ou a través do correo electrónico [e.rodriguez@oleiros.org](mailto:e.rodriguez@oleiros.org). Tamén será posible realizar a inscrición o propio día da festa, antes das 19:30 horas. Haberá dúas categorías, unha de grupos e outro de disfraces individuais e parellas.

## O alumnado dos colexios aprende a historia das súas localidades da man das persoas maiores ▼

◆ As persoas que participan nos talleres de memoria do programa de envellecemento activo 60+ impartirán pequenas clases de historia local nos colexios Juana de Vega de Nós, Luis Seoane de Mera e A Rabadeira de Oleiros. Trátase dunha experiencia interxeracional que leva varios anos funcionando con éxito e que permite que os máis pequenos e pequenas coñezan importantes unha parte importante da historia do municipio que non aparece recollida nos libros de texto.

No Juana de Vega os maiores falarán do barro e das súas vivencias, contando historias arredor da telleira que había nos Vilares. En Canide o tema será o mar, desde unha perspectiva de xénero para reivindicar o papel das mulleres nas distintas labores e profesións relacionadas coa pesca. Na Rabadeira, que se estrea este ano na actividade, as clases xirarán sobre as escolas e a diversión na localidade de Oleiros.



## O Concello continúa cos programas de igualdade e apoio ás familias

◆ Nas vindeiras semanas poñeranse en funcionamento programas relacionados coa muller para seguir loitando pola igualdade de xénero. O empoderamento en feminino será o obxectivo das actividades que estarán dirixidas, principalmente, ás mulleres e que complementarán o traballo desenvolvido de sensibilización en todos os centros educativos de Oleiros.

Igualmente levaranse a cabo distintas e variadas actividades relacionadas coa educación e crianza dos menores orientadas á apoiar ás familias; dotándoas de ferramentas, técnicas e estratexias para asumir os retos dunha educación igualitaria, baseada na comunicación e na non violencia para fortalecer os lazos familiares e mellorar a convivencia nas casas. Será un programa amplo que adoptará actividades específicas para cada grupo de idade.

## Paula Rey consegue o terceiro posto na Copa de Europa de patinaxe ▼

◆ A patinadora oleirense Paula Rey Pérez conseguiu subir ao podio na Copa de Europa de patinaxe artística, na categoría infantil. Nunha maxistral actuación, a deportista do Club Maxia destacou no torneo continental disputado en Fuengirola, o que lle permitiu situarse entre as tres mellores patinadoras de toda Europa na súa categoría.



## Diego Fernández e Rubén Galdo soben ao podio no Campionato de Europa de Taekwondo ▼



◆ Os taekwondistas Diego Fernández, de Santa Cruz, e Rubén Galdo, de Dorneda, conseguiron uns resultados extraordinarios no Campionato de Europa de Taekwondo celebrado en Valencia. Diego Fernández acadou dúas medallas de bronce e Rubén Galdo unha. Ademais, no Campionato de España, Galdo foi campión e Fernández segundo clasificado.

## Antonio Sandino e Sabela Lage medallistas na Copa de España de Judo ▼



◆ Antonio Sandino proclamouse campión da Copa de España de Judo celebrada o pasado mes de decembro en Tenerife. Sandino superou a todos os seus rivais con solvencia e deixou patente o gran estado de forma que atravesa. Igualmente, Sabela Lage completou unha magnífica actuación e foi terceira na categoría de -57 kg. Ambos deportistas oleirenses compiten polo Judo Club Oleiros.

## Iris Ousinde proclámase campioa galega de esgrima ►

◆ A veciña de Mera Iris Ousinde Naveira, que compite co club 100 Tolos, impúxose a todas as súas rivais no campionato galego de esgrima. Amosando un extraordinario manexo da espada, Iria Ousinde logrou este importante triunfo na categoría M14.



## O Acordes participa na fase final da Liga de España de Ximnasia Rítmica

◆ O Club Ximnasia Acordes conseguiu a oitava posición na fase final da Liga de España de clubs de ximnasia rítmica. O Acordes foi o único club galego que chegou ata esta cita. Ademais, no prestixioso Torneo Euskalgym, o equipo benxamín ocupou a terceira posición e as infantís foron décimo cuartas.



## O Concello consegue unha subvención europea de 87.692 euros para os clubs de remo de Perillo e Mera ▶

◆ O Concello impulsou, xunto cos clubs de remo de Perillo e Mera, un proxecto sobre posta en valor do remo tradicional e dos valores naturais e patrimoniais do Golfo Ártabro Sur que arrincou o pasado mes de outubro e que continuará ata finais do ano 2020. Entre outras actividades está previsto a realización de regatas, campamentos para nenos e nenas, visitas a colexios e institutos, charlas divulgativas e campañas de concienciación. Como contrapartida, os clubs de remo de Perillo e Mera, así como o Concello, recibirán fondos europeos para a adquisición de diverso material deportivo e o desenvolvemento do programa presentado. A subvención é de 21.270,97 euros para Perillo, de 38.393,84 euros para Mera e de 28.028,02 euros para o Concello.



## A Liga de Judo comeza o día 26 de xaneiro ▶



◆ O vindeiro sábado 26 de xaneiro arranca unha nova edición da Liga de Judo que organiza o Concello de Oleiros en colaboración co Judo Club Oleiros. Participan máis de 450 nenos e nenas en idade escolar de toda Galicia e Asturias, entre eles os judokas de Oleiros.

A competición desenvolverase os días 26 de xaneiro, 9 de febreiro, 16 de marzo e 13 de abril. Os combates terán lugar no pavillón José Antonio García Nieto de Canide, en horario de mañá.

## Zumba, cardio, adestramento en suspensión e cross gym no programa Xovenforma ▼

◆ Ante as dificultades que teñen os mozos e mozas para practicar exercicio físico regular fóra do eido federativo ou competitivo, o Concello de Oleiros pon en marcha un ano máis o Programa Xovenforma, co que se pode practicar as actividades de zumba, cardio, adestramento en suspensión e cross gym. As instalacións deportivas de Perillo, Oleiros e Dorneda acollen as diferentes sesións, que se prolongarán ata o mes de xuño. Tamén existe un programa avanzado denominado Fitness Xuvenil, dirixido exclusivamente a rapaces e rapazas entre 14 e 16 anos para iniciarse ao adestramento en sala de musculación.

Para obter máis información e inscribirse en calquera destas actividades hai que dirixirse ás oficinas do servizo municipal de deportes da Fábrica, ou ao correo deportes@oleiros.org.

## A SCD Rabadeira celebrará o seu 25 aniversario cunha gala



◆ O domingo 27 de xaneiro, ás 12:00 horas, o club de patinaxe SCD Rabadeira organiza un acto para conmemorar os seus 25 anos de vida. Na gala, que terá lugar no auditorio das Torres de Santa Cruz, repasaranse os mellores momentos do club e presentaranse os distintos patinadores e patinadoras que competirán durante a tempada 2019. Está previsto que participen antigos compoñentes da entidade.

## O Unión Campestre de Montrove cumpre 110 anos



◆ O segundo club de fútbol máis antigo de Galicia, o Unión Campestre Club de Fútbol, festexou os seus 110 anos de historia cun acto no Centro Cultural de Montrove. Decenas de veciños e veciñas participaron nunha emotiva xornada na que se rendeu homenaxe aos socios máis veteranos. A entidade, que adestra e disputa os seus partidos como local no renovado campo de fútbol municipal do Redondo, atravesará un extraordinario momento e conta numerosos futbolistas en todas as categorías, tanto masculinas como femininas.



## O IES Miraflores organiza o III Congreso da Axencia espacial escolar galega ▶

◆ O Auditorio Gabriel García Márquez de Mera acollerá o vindeiro 11 de febreiro a terceira edición do Congreso NOSA, no que participarán preto de 300 estudantes de diversos institutos de toda Galicia. O profesorado e o alumnado do IES Miraflores, coa colaboración do Concello, organizan este evento, no que se analizarán os datos extraídos a partir do envío dunha cápsula á estratosfera o pasado curso.

No congreso tamén se presentarán os obxectivos da Marumasat IV, a nova cápsula coa que se pretende chegar novamente ata os 35.000 metros de altura. O aparello incorporará os equipos audiovisuais necesarios para gravar o ascenso e descenso. Isto permitirá que ademais da análise dos datos, os estudantes editen as imaxes gravadas para montar unha curtametraxe, despois da aterraxe e posterior localización.



## Fina Paulos e Alicia Tojeiro, entre as 10 mellores profesoras de España ◀

◆ As profesoras Fina Paulos e Alicia Tojeiro foron seleccionadas entre as 10 mellores profesoras de España nun certame no que participan os docentes de todo o Estado. Fina Paulos, oleirense pero que actualmente exerce no IES Lois Peña Novo de Vilalba, quedou segunda na categoría de Formación Profesional. Alicia Tojeiro foi unha das 10 primeiras na categoría de primaria.

## O IES Neira Vilas é premiado polo Goberno de Francia

◆ O Ministerio de Asuntos Exteriores de Francia premiou o IES Neira Vilas de Perillo co LabelFrancÉducation, unha prestixiosa distinción outorgada en todo o mundo aos centros educativos que sobresaen especialmente por ofrecer un ensino bilingüe francés da máxima calidade e excelencia. Esta acreditación concédese tras unha avaliación externa por parte da Axencia de Ensino do Francés no Estranxeiro, que aplica rigorosos criterios de selección.

A concesión do selo implica formar parte da rede mundial Label-FrancÉducation, que concede acceso a servizos como: sesións de formación para o profesorado, apoio económico a proxectos de innovación educativa, intercambios de experiencias entre os responsables dos centros da rede ou acceso a múltiples recursos en liña. Desde que este recoñecemento está instituído, acreditáronse 209 centros a nivel mundial dos que 25 situábanse en España.



## Ainhoa Abeleira gaña o concurso da Carta aos Reis Magos

◆ A carta dunha alumna de 2º de primaria do CEIP Luis Seoane foi a gañadora da carta aos Reis Magos deste ano. Este concurso, que se desenvolve desde o Servizo de Normalización Lingüística desde o ano 2010, consiste no deseño dunha carta aos Reis Magos para promover o uso da lingua nesta época do ano e fomentar a creatividade dos nenos e nenas. Está destinada a 5º e 6º de infantil e 1º e 2º de primaria dos centros de ensino público do concello.

## Teatro para o alumando dos colexios e dos institutos ▶

◆ A campaña de teatro escolar do Concello de Oleiros chegará as artes escénicas ao alumnado do primeiro ciclo de educación primaria e aos estudantes de bacharelato. As representacións terán lugar no Auditorio Gabriel García Márquez.

Os nenos e nenas de primaria asistirán á representación de *Quero ser maior!*, unha comedia infantil sobre unha nena de 11 anos que sente a necesidade de medrar canto antes. Os mozos e mozas de bacharelato verán *Elisa e Marcela*, a reconstrución da historia de amor real de dúas mulleres que foron perseguidas despois de casar na Coruña en 1901.



## Concursos para fomentar a igualdade entre a mocidade ▼



◆ Ademais dos obradoiros do Programa de educación para a igualdade que desenvolve o Concello de Oleiros en todos os centros de ensino público, durante as vindeiras semanas realizaranse varios concursos para que a mocidade tome conciencia das ideas e estereotipos sexistas que se transmiten na nosa sociedade a través dos medios, das redes e da música. O obxectivo destas actividades é fomentar o posicionamento crítico ante os contidos discriminatorios, o machismo encuberto e os estereotipos sexistas.

As persoas participantes poderán facelo de xeito individual, en grupo ou por aulas. Cada concurso estará adaptado ás diferentes idades, polo que as temáticas varían segundo o curso. O alumnado de 5º e 6º de primaria poderá participar no concurso Músicas da igualdade, o de 1º e 2º da ESO en Youtuber por un día. O impacto igualinfluencer, 3º e 4º da ESO en #OleiroSenMachismo e 1º e 2º de bacharelato en Influencer Sen Filtros.

## Máis de cen rapaces e rapazas participan no Premio Literario Descubrindo Oleiros ▼



◆ O venres 22 de febreiro, ás 19.00 horas, terá lugar o acto de entrega dos premios do concurso literario Descubrindo Oleiros no auditorio da Fábrica. Esta edición, a quinta, contou coa participación de máis de 100 estudantes de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e de todos os cursos da ESO.

Nesta actividade, as nenas e nenos participantes mostran a súa creatividade, aprenden e investigan sobre os espazos municipais, sobre a súa flora e sobre as súas paisaxes. Nas catro edicións anteriores presentáronse textos que falan da historia da Fábrica, de Rialeda, do mar e da praia, do Seixo Branco, da herba de namorar, dos plumachos... Historias que mostran o amor co que falan os rapaces e rapazas do seu concello.

# SE TES CAN,

# TES OBRIGAS



## Contos para nenas e nenos, viaxes fantásticas sen saír das bibliotecas municipais ▼

◆ Durante os meses de febreiro e marzo as sete bibliotecas municipais de Oleiros acollerán preto de 30 sesións de diversas actividades infantís dirixidas a nenos e nenas de entre 1 e 12 anos. Está programada unha amplísima variedade de contacontos e obradoiros cos que se pretende fomentar a imaxinación e a creatividade para espertar o pracer que pode proporcionar a lectura.

Para participar é **imprescindible reservar praza previamente**. As solicitudes poden realizarse presencialmente en cada unha das bibliotecas ou mediante unha chamada telefónica ao número 981 610 000.

### • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

#### FEBREIRO

- ▶ **Día 7** (18:30 horas): *Contos en verso para os máis pequechos* con **Charo Pita**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 14** (18:30 horas): *Teño medo* con **Ramiro Neira**, para nenas e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 21** (18:30 horas): *Kikiriki* con **Fátima Fernández**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.

#### MARZO

- ▶ **Día 7** (18:30 horas): *Doce como a choiva miúda, negra como a noite escura* con **Paula Carballeira**, para nenas e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 14** (18:30 horas): *Levántate Xan!* con **Caxoto**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 21** (18:30 horas): *Poemar* con **Charo Pita**, para nenas e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 28** (17:30 horas): *Vive a súa historia* con **Asociación Participa para la Inclusión Social**, para nenas e nenas de 8 a 12 anos.

### • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

#### FEBREIRO

- ▶ **Día 6** (18:30 horas): *O que conta a neve para que ninguén o escoite* con **Paula Carballeira**, para nenas e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 13** (18:30 horas): *Aburiño meu* con **Soledad Felloza**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 20** (18:30 horas): *Contamos en igualdade* con **Edu Vía**, para nenas e nenas maiores de 4 anos.

#### MARZO

- ▶ **Día 13** (18:30 horas): *Elas sempre contan* con **Raquel Queizás**, para nenas e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 20** (18:30 horas): *Cucú Tras Tras* con **Fátima Fernández**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 27** (17:30 horas): *Obradoiro de encadernación* con **Sonia Ojea**, para nenas e nenas maiores de 6 anos.

#### ABRIL

- ▶ **Día 3** (18:30 horas): *O xornal de Lonxedetodo* con **Trinke Trinke**, para nenas e nenas maiores de 4 anos.

## Obradoiros de creación de máscaras de entroido ▼

◆ A finais de febreiro todas as bibliotecas municipais albergarán unha actividade de creación de máscaras de entroido, dirixida a nenas e nenos maiores de 5 anos. Neste obradoiro explicaráselles sobre as máscaras do Entroido galego e cada participante realizará unha reprodución dunha de peliqueiro, cigarrón ou boteiro, decorada a modo persoal.

Todos os talleres celebraranse ás 17:30 horas. En Mera e Nós será o día 22 de febreiro, en Dorneda o día 25, en Oleiros o 26, en Santa Cruz o 27 e en Perillo e Lorbé o día 28 de febreiro.

Para participar é **imprescindible reservar praza previamente**. As solicitudes poden realizarse presencialmente en cada unha das bibliotecas ou mediante unha chamada telefónica ao número 981 610 000.

### • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA

#### FEBREIRO

- ▶ **Día 8** (18:30 horas): *Dado o duende* con **Eduvía**, para nenas e nenas maiores de 4 anos.

#### MARZO

- ▶ **Día 1** (18:30 horas): *No xardín* con **Soledad Felloza**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 29** (18:30 horas): *Contos e cantigas populares* con **Charo Pita**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.



### • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ RUSO. DORNEDA

#### FEBREIRO

- ▶ **Día 11** (18:30 horas): *Auga* con **Ramiro Neira**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.

#### MARZO

- ▶ **Día 11** (18:30 horas): *Cinco parrulos* con **Fátima Fernández**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.
- ▶ **Día 25** (17:30 horas): *Un día de clases en hogwarts* con **El Caldero de Peltre**, para nenas e nenas maiores de 6 anos.

### • BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

#### FEBREIRO

- ▶ **Día 15** (18:30 horas): *Coa boca chea!!!* con **Charo Pita**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.

#### MARZO

- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *Cores* con **Ramiro Neira**, para nenas e nenas de 1 a 3 anos.



### • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

#### FEBREIRO

- ▶ **Día 12** (18:30 horas): *Un libro baixo a almofada* con **Caxoto**, para nenas e nenas maiores de 3 anos.

#### MARZO

- ▶ **Día 12** (18:30 horas): *Contamos en igualdade* con **Eduvía**, para nenas e nenas maiores de 3 anos.
- ▶ **Día 26** (18:30 horas): *De Tin Marín* con **Soledad Felloza**, para nenas e nenas maiores de 3 anos.

### • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

#### FEBREIRO

- ▶ **Día 14** (18:30 horas): *Un corazón a flor de pel* con **Caxoto**, para nenas e nenas maiores de 3 anos.

#### MARZO

- ▶ **Día 14** (18:30 horas): *Olivia e as plumas* con **Fátima Fernández**, para nenas e nenas maiores de 3 anos.
- ▶ **Día 28** (18:30 horas): *Xa verás!!!* con **Ramiro Neira**, para nenas e nenas maiores de 3 anos.



# A Fábrica acolle o VI Ciclo de Voces cálidas para noites de inverno



■ *Músicos e grupos de estilos musicais diversos actuarán durante os sábados de febreiro e marzo no auditorio do centro cultural A Fábrica. A entrada para cada concerto ten un custo de 2,50 euros.*

● **Sábado 2 de febreiro,**  
ás 20:30 horas

**Auditorio da Fábrica**

**Café Brasil Trio** é un trío que interpreta cun estilo brasileiro os clásicos máis populares da bossanova, samba, boleros, baladas e algúns estándares de jazz.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 9 de febreiro,**  
ás 20:30 horas

**Auditorio da Fábrica**

**Iria Estévez** é unha cantante galega que, neste concerto, presentará Atlántica. Unha combinación de fado, cantiga galega e músicas de Cabo Verde a Arxentina.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 23 de febreiro,**  
ás 20:30 horas

**Auditorio da Fábrica**

**Gabriel Triana Quartet** ten un repertorio baseado en estándares de jazz que rememora a Frank Sinatra, Nat King Cole e outros clásicos.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 16 de febreiro,**  
ás 20:30 horas

**Auditorio da Fábrica**

**Turma Caipira** é un cuarteto formado por Marga Ramos, Fran Castro, Quique Alvarado e Samuel Pérez que fai música popular brasileira.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 2 de marzo,**  
ás 20:30 horas.

**Auditorio da Fábrica**

**Adhara & Ritman** é un novo proxecto musical que mestura o folk galego con música latina, reagge, swing, soul... e principalmente rock.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



## En marzo regresa o teatro ao Auditorio Gabriel García Márquez

■ *Despois do parón de Nadal, o pano volve abrirse no Auditorio Gabriel García Márquez para ofrecer unha ampla variedade de espectáculos, a un prezo accesible para todos os públicos. As entradas oscilan entre 2,50 e 3,50 euros.*

● **Sábado 16 de marzo,**  
ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Cinco mulleres que comen tortilla** é unha comedia delirante e enxeñosa que transporta o espectador á América dos anos 50 grazas ao humor e a unha coidada posta en escena totalmente inmersiva.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 23 de marzo,**  
ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Dúas donas que bailan** é unha traxicomedia sobre unha muller maior, viúva, que soña cunha viaxe a París. Resístese a abandonar o esfarelado piso no que habita, malia as presións dos fillos e tamén da axencia propietaria do inmoble.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 30 de marzo,**  
ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

Marcos Pereiro, Oswaldo Digón e Santi Romay, protagonizan **Coleccionistas**, un novo espectáculo de comedia cargado de sorpresas no que o importante non só acontecerá sobre o escenario. Tamén haberá música en directo con Cristian Leggiere.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Sábado 6 de abril,**  
ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Macbeth.** O ruído e a furia é unha adaptación en verso de Manuel Lourenzo da grande traxedia celta de William Shakespeare protagonizada polos actores Xoán Carlos Mejuto, Luis Iglesia, Iria Ares, Carlos Sante e David Perdomo.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

### ***Illuminados e iluminadores***

Falouse moito este Nadal sobre a iluminación e algún iluminado que ocupa a alcaldía dun importante municipio do sur de Galicia. En Vigo gastáronse máis dun millón de euros nas luces de Nadal. Con eses cartos poderíanse facer centos de cousas pola cidade, para beneficio de todos os cidadáns e non só dos comerciantes dunha zona moi concreta, que foron os únicos beneficiados dese importante dispendio de cartos públicos.

Eu estou totalmente de acordo en que nun municipio como o de Oleiros non se gaste nin un só peso en iluminación para estas festas. Primeiro porque, sen ser demagóxicos, hai centos de prioridades que cubrir antes que esta. E segundo porque dada a distribución poboacional que temos en Oleiros, colocar iluminación nas rúas sería un traballo realmente extenso, dado que temos moitas localidades importantes e con moita vida. Mera, Santa Cristina, Santa Cruz, Nós, Iñás, O Seixal, Perillo, Dexo, Dorneda, Lorbé, Arillo, Xoes, Bastiagueiro, Montrove, Maianca, Oleiros, Broño, Os Regos, Mesón da Auga... e moitos outros sitios "merecerían" ter iluminación de Nadal. Colocalo en todos eses lugares, e os que quedan sen citar que son da mesma notoriedade ou máis, sería un gasto tremendo.

**Antonio Gómez Fariña - Nós**

### ***Oleiros en Verde***

A semana pasada recibín no meu domicilio o libro Oleiros en verde. Quero agradecer ao Concello o reparto desta publicación e a entrega directa na miña casa. É un libro

precioso, cunhas fotos maravillosas e co que aprendín moito sobre como se conseguiron tantos e tantos recunchos preciosos como temos por todo Oleiros. Ademais, moitos dos lugares non sabía nin que existían. Teño pensado visitar todos os sitios que non coñezo.

Todas as persoas que vivimos neste concello temos un patrimonio enorme. Moitas veces nin o valoramos, porque como o temos aí sempre non lle damos a importancia que merece. Polo que quero aproveitar tamén para animar a todos os veciños a que lean o libro e que fagan coma min e visiten os parques que non coñecen.

**Lidia García - Perillo**

### ***Un cambio necesario***

Paréceme un grande acerto a presentación de candidaturas por parte de Alternativa dos Veciños en toda a comarca. Se queremos progreso e benestar nun futuro inmediato, debemos lograr que os políticos que nos dirixen actúen con mentalidade metropolitana, tal e como manifesta sempre a Alternativa. A Coruña nunca rematou na ponte da Pasaxe. Todos os municipios da comarca conformamos unha grande área metropolitana, a máis importante de Galicia, e é preciso que determinadas cuestións comúns que nos afectan a todos sexan tratadas de maneira global.

Dados os atrancos que tanto PP como PSOE impuxeron durante a presente legislatura á creación da Área Metropolitana, creo firmemente que un grupo como Alternativa, se consegue representación

en todos os municipios, podería modificar eses comportamentos. Os partidos de ámbito autonómico e estatal están sempre moi condicionados por directrices impostas desde Santiago ou Madrid. A liberdade coa que poden actuar grupos como Alternativa é clave para poder avanzar sen ataduras neste tipo de cuestións.

Temos importantes materias pendentes na comarca: o transporte público, a mobilidade, a mellora e abaratamento de servizos tan importantes como a recollida do lixo... Son necesarias políticas distintas. Agardo con ilusión e esperanza cambios en positivo a partir do mes de xuño.

**Martina Ferreiro López - Santa Cruz**

### ***Marquesiñas***

O novo modelo de marquesiñas está dando que falar entre determinadas persoas. Eu estou totalmente de acordo coas novas paradas de bus. Esteticamente son moi bonitas, aínda que xa se sabe que para gustos... O que está claro, e niso ten toda a razón o alcalde, que outros modelos que existen ao final convértense en taboleiros de anuncios e lenzo para os vándalos.

Os que nos desprazamos en bus non botamos media hora na parada. Como sabemos a que hora pasa, estamos 5 minutos antes alí. Se chove xa temos que levar o paraugas e a cazadora da casa, porque por agora as beirarrúas tampouco están cubertas. E para o frío... hai que abrigarse, non queda outra.

**Lucía Rodríguez Bello - Dorneda**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialede / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	19 febreiro / 21 marzo / 19 abril
<b>Mingua</b>	27 xaneiro / 26 febreiro / 28 marzo
<b>Nova</b>	4 febreiro / 6 marzo / 4 abril
<b>Medra</b>	11 febreiro / 13 marzo / 11 abril

**Transportes**

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

**Horarios Cal Pita**

1 > A Coruña > Fonteculler > Fonteculler > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Domingos e festivos Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Domingos e festivos Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nós > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora. ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora. ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 432 343



**36.418 habitantes empadroados/as!**

**Ata o 15 de xaneiro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

DEXO (Santa María)	1.365
DORNEDA (San Martiño)	3.509
IÑÁS (San Xurxo)	1.245
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.558
MAIANCA (San Cosme)	1.487
NÓS (San Pedro)	4.765
OLEIROS (Santa María)	3.135
PERILLO (Santa Leocadia)	8.788
SERANTES (San Xulián)	1.566
<b>TOTAL</b>	<b>36.418</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

	Datas
■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 18 ao 24 de xaneiro Do 5 ao 11 de abril
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 25 ao 31 de xaneiro Do 12 ao 18 de abril
■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845	Do 1 ao 7 de febreiro Do 19 ao 25 de abril
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932	Do 8 ao 14 de febreiro Do 26 de abril ao 2 de maio
■ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165	Do 15 ao 21 de febreiro
■ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)	Do 22 ao 28 de febreiro
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 1 ao 7 de marzo
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 8 ao 14 de marzo
■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)	Do 15 ao 21 de marzo
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890	Do 22 ao 28 de marzo
■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 29 de marzo ao 4 de abril

## Nova conexión coa vía Ártabra desde Franzommel ata o enlace dos Tornos ▼



◆ Con cargo ao desenvolvemento da urbanización de Xaz, na que vai estar situada un campo de golf de 18 buratos, estase a construír unha vía de 1,8 km que conectará Franzommel coa vía Ártabra. A nova estrada atravesa esta urbanización e chegará ata o linde con Sada.

As obras de creación desta nova infraestrutura pública, coa que se mellorará a mobilidade no municipio, obrigan a realizar importantes

movementos de terra. Cando chove, como sucede en calquera outra obra de apertura ou reparación de rúas, orixínanse arrastres de terra e barro. As augas que lavan parte desta zona están a desembocar nos regatos que conflúen no río de Santa Cruz. En ningún caso se trata de lodos contaminantes nin de fecais, como se quere facer crer por determinadas persoas que pretenden sacar tallada electoral mentindo para manipular a opinión pública.

